

A EMPRESA MARTÍNEZ OTERO CONTRACT RECIBE ESTA SEMANA A VISITA DUNHA UNIDADE MÓBIL DE ADOS

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolve este mércores 3 de xullo unha nova campaña nas instalacións de Martínez Otero Contract, empresa que conta cunha dilatada traxectoria de colaboración e compromiso coas iniciativas encamiñadas a promover o solidario xesto da doazón de sangue.

Dende o comezo das campañas de doazón de sangue en unidades móbiles nesta empresa, ADOS ten visitado as instalacións de Martínez Otero Contract en A Estrada un total de 15 veces dende o ano 2012, logrando dende esa primeira visita, 223 doazóns de sangue procedentes da solidariedade dos seus profesionais.

Durante a mañá do mércores, as traballadoras e traballadores de Martínez Otero Contract terán unha nova ocasión de doar sangue na unidade móbil de ADOS que estará estacionada no recinto da empresa e que atenderá a todos os doantes de 10:00 ás 14:00 horas.

Dende ADOS, queremos mostrar o noso recoñecemento á Dirección de Martínez Otero Contract pola súa colaboración, agradecemento que facemos extensivo a todos os traballadores e traballadoras que doan sangue.